

*RESOLUCIÓN da Comisión de Selección pola que se aproban e se fan públicas as puntuacións definitivas do baremo correspondente aos procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (DOG n.º 206, do 28 de outubro, corrección de erros, DOG n.º 216, do 14 de novembro).*

Mediante a Orde do 19 de outubro de 2022 convocáronse procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (DOG n.º 206, do 28 de outubro, corrección de erros, DOG n.º 216, do 14 de novembro).

Con data do 20 de febreiro de 2023 publicouse, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o Acordo desa data da Comisión de Selección nos procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, a corpos de persoal docente non universitario dependentes da consellería competente en materia de educación (ED001B) polo que se fai pública a puntuación mínima necesaria no autobaremo en cada especialidade e queda para que a solicitude sexa valorada.

Posteriormente, con data do 25 de abril de 2023 publicouse, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Resolución desa data da Comisión de Selección pola que se aproban e se fan públicas as



puntuacións provisionais do baremo de acordo co disposto no apartado sexto da base décimo primeira da Orde do 19 de outubro de 2022.

Con data do 11 de maio de 2023, publicouse, na páxina web da dita consellería, Resolución desa data da Comisión de Selección pola que se declaran decaídos do trámite de emenda ao baremo provisorio ás persoas aspirantes que non tiveran formulada reclamación no prazo establecido na Resolución do 25 de abril de 2023 desta comisión.

A súa vez a base novena desta convocatoria pública establece que a selección do persoal aspirante será realizada por unha Comisión de Selección constituída por persoal funcionario de carreira con destino nos servizos centrais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e na base décima regúlanse as súas funcións, entre as que figura, tanto a da resolución das reclamacións presentadas ás puntuacións provisionais como a da publicación das puntuacións definitivas dos méritos do persoal aspirante.

De conformidade coas ditas bases, e para os efectos de darlle cumprimento ao disposto na base décimo segunda e o apartado primeiro da base décimo terceira da Orde do 19 de outubro de 2022 relativo á baremación definitiva, asignada ao persoal admitido de xeito definitivo e, e de ser o caso, ao persoal que resultara apto na proba de coñecemento de lingua galega, destes procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, a Comisión de Selección, tendo en conta a puntuación mínima necesaria, en cada corpo, especialidade e reserva, para que a solicitude de participación presentada sexa valorada segundo o Acordo do 20 de febreiro de 2023,

**RESOLVE:**

Primeiro. Aprobar e facer pública, na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)), como anexo a esta resolución, as puntuacións definitivas do baremo do concurso de méritos (Anexo II da orde de convocatoria) das solicitudes baremadas, desagregada por



corpos e especialidades e reserva, por epígrafes e por orde decrecente de puntuación outorgada, sen ter en conta os criterios de desempate establecidos na base 13.3 da Orde do 19 de outubro de 2022, que si se aplicarán na resolución da Comisión de Selección pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de persoas propostas para superar os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B)

Segundo. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada, mediante o trámite activado para este efecto no procedemento normalizado código ED001B na Carpeta cidadá, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun (1) mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de conformidade co establecido nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O presidente da Comisión de Selección

José Luis Canosa Baldomir

